

14/636 APROBACIÓN DAS BASES XERAIS REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS ÁS ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DE DEPORTES (ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA) E PARA A PROMOCIÓN E O FOMENTO DO DEPORTES E ACTIVIDADE FÍSICA NO CONCELLO DE LUGO-EXERCICIO ECONÓMICO 2023.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da administrativa de Deportes, do 7 de agosto de 2023, na parte expositiva do cal se fai constar:

“De conformidade co establecido no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local en consonancia co disposto no artigo 232 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, os concellos deben favorecer o desenvolvemento das asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro, subvencións económicas tanto para sufragar os gastos xerais delas como as actividades que realicen.

O outorgamento de subvencións é unha técnica de fomento de determinadas actuacións e actividades que se consideran de utilidade pública ou de interese social, e que a través dun procedemento de concorrência competitiva axustada aos principios de obxectividade, transparencia e publicidade permite desenvolver, a través de entidades privadas, actividades que complementan as competencias propias que lle corresponderían ao Concello, como é neste caso a prestación de actividades deportivas, etc.

Visto o artigo 25 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Lugo, no que se establece para os procedementos de concesión de subvencións en réxime de concorrência competitiva que con carácter previo ao outorgamento de subvencións se aprobarán as correspondentes bases reguladoras de subvencións.

O Concello de Lugo aprobou o Plan estratéxico de subvencións para o período 2023-2025, anualidade 2023, mediante acordo da Xunta de Goberno Local 9/199, do 19/04/2023.

Vistos:

- Certificación do órgano de xestión económico-financeira do 18/01/2023, de existencia de crédito na aplicación orzamentaria 34100.48900 do vixente orzamento xeral (nº de operación: 202300004517)
- Informe proposta da Sección de Deportes de 21/07/2023, sobre a aprobación das bases xerais reguladoras para a concesión de subvencións ás asociacións deportivas e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro que

ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refº: ispac3339360657698873062.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-8-2023

desenvolven a súa actividade no eido de deportes (Área de Dinamización Económica) e para a promoción e o fomento do deportes e actividade física no concello de Lugo-exercicio económico 2023, conformado polo Xefe/a do Servizo/responsable de Fomento, con data 31/07/2023, emitido con carácter favorable.

- Informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal nº 2023/1209, do 03/08/2023, favorable con observacións.”

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o gasto de 321.000 € a que ascende o importe total das subvencións que se outorgarán por parte do Departamento de Deportes con cargo á aplicación orzamentaria 34100.48900 (RC 202300004517).

SEGUNDO.- Aprobar as bases xerais polas que se vai rexer esta convocatoria, que son do seguinte teor literal:

BASES XERAIS REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS ÁS ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DE DEPORTES (ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA) E PARA A PROMOCIÓN E O FOMENTO DO DEPORTE E ACTIVIDADE FÍSICA NO CONCELLO DE LUGO-EXERCICIO ECONÓMICO 2023.

Artigo 1. Obxecto e finalidade

Estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencións por parte do Concello de Lugo, Área de Dinamización Económica, ás asociacións e a entidades xurídico-privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento, durante o exercicio económico de 2023, de programas e actividades que beneficien a colectivos no eido de deportes nas que se levan a cabo os ditos programas e actividades, así como a Entidades e Clubs deportivos que desenvolvan eventos de carácter específico no Concello de Lugo e cuxa repercusión incida na promoción e a formación deportiva dentro das disciplinas deportivas federadas. Será requisito indispensable que o evento se desenvolva **presencialmente dentro do término municipal** (non se admiten eventos realizados mediante plataforma dixital ou similar).

No caso de subvencións para financiar a actividade xeral da Entidade, só se terán en conta competicións que veñan incluídas nos calendarios oficiais das respectivas competicións, e no caso de eventos só se tendrán en conta

aqueles que sexan federados ou coa totalidade de participación de deportistas federados.

Serán subvencionables as actuacións establecidas no artigo 9 baixo a epígrafe “gastos subvencionables”.

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións, as bases de execución do orzamento, Regulamento de Control Interno do Concello de Lugo e demais normativa legal de aplicación.

Artigo 2. Entidades beneficiarias.Requisitos.

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas e domiciliadas no concello de Lugo. As entidades beneficiarias segundo se trate de asociacións, fundacións ou outras entidades sen ánimo de lucro, deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo. **Este requisito será comprobado de oficio polo Concello de Lugo.**
- b) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, locais e da Seguridade Social.
- c) Non estar incursas nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- d) Ter xustificados debidamente os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.
- e) Desenvolver actividades e/ou programas que beneficien a persoas e/ou colectivos no eido do deporte.
- f) Desenvolver actividades e/ou programas que complementen a programación de deportes realizada pola Área de Dinamización Económica.
- g) Non percibir, durante este exercicio económico, ningunha subvención municipal das previstas nominativamente no orzamento xeral de 2023.

h) Non percibir, no caso de solicitar subvención para evento, ningunha axuda económica por parte do Concello de Lugo, mediante convenio de colaboración ou calquera outro tipo de axuda económica.

i) Ter presentado na Oficina de Participación Cidadá o orzamento, memoria de actividades anual e renovación dos membros da directiva. **Este requisito será comprobado de oficio polo Concello de Lugo.**

j) Non utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (acordo plenario 9/124 do día 30-06-2016).

Artigo 3. Créditos orzamentarios e contía das subvencións

No orzamento municipal para o exercicio de 2023 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións segundo a continuación se indica:

Servizo	Aplicación orzamentaria	Importe
Deportes	34100.48900	321.000 €

Artigo 4. Forma e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes de subvención, xunto coa documentación precisa, presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (<https://lugo.gal>) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal, con expresa indicación de que de non facelo así, a unidade tramitadora, ao abeiro do disposto no artigo 68.4 requirirá a súa subsanación a través da presentación electrónica da solicitude. A estes efectos, segundo indica textualmente o mencionado texto legal "considérase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a subsanación".

A convocatoria para a concesión das subvencións previstas nas presentes bases, segundo o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro xeral de subvencións publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O prazo para presentar as solicitudes será de **QUINCE DIAS HÁBILES**, contado dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de

Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Así mesmo publicaranse as bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na páxina web do Concello de Lugo (<https://concellodelugo.gal>), debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Lugo.

Artigo 5. Documentación para achegar coas solicitudes de subvención

Á solicitude xuntarase a seguinte documentación:

- Solicitude, segundo o modelo do ANEXO I, no que se inclúa o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto ou actividade solicitada, e a autorización ao Concello para comprobar as diferentes administracións datos tributarios e outras informacións declaradas. **O importe total solicitado será o total da actividade máis o evento no seu caso.**
- Fotocopia do NIF/CIF da Entidade.
- Fotocopia do NIF da persoa que actúa como representante, así como documento acreditativo e actualizado da representación na entidade ou asociación solicitante.
- Composición da Xunta Directiva actualizada. Se a última constitución se realizou cunha antigüidade superior a un ano, xuntarase á mesma unha certificación do Secretario da Entidade facendo constar que a que se presenta continúa en vigor na actualidade.
- Proxecto, segundo ANEXO II, cunha descrición das actuacións para as que solicita a subvención. Dito Anexo consta de dous apartados:
 - a) Apartado 1: Proxecto actividade competitiva
 - b) Apartado 2: Proxecto evento. Neste caso terase en conta que a puntuación se outorgará segundo o establecido neste Anexo, e que os criterios deberán acreditarse fehacientemente na xustificación. Así mesmo, deberá terse en conta que será obrigatorio darlle difusión ao evento mediante cartelería, prensa, redes sociais, etc, figurando o logo do Concello, en lugar destacado salvo causas xustificadas. Estes extremos tamén deberán ser xustificados.
- Orzamento previsto de gastos e ingresos, segundo Anexo III, de toda a actuación subvencionada (actividade xeral e evento no seu caso).

No orzamento previsto de gastos e ingresos estarase á natureza das

Entidades sen ánimo de lucro presentando un orzamento equilibrado e na partida de ingresos deberá figurar de xeito expreso o importe asumido con fondos propios (mínimo o 10%).

- Declaración responsable, segundo modelo que figura no ANEXO IV destas bases, acreditativa:
 1. Das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola Entidade solicitante por parte doutras Administracións ou Entidades, **PÚBLICAS OU PRIVADAS**, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.
 2. De que a actividade, proxecto, obxectivo ou programa para o que se solicita a subvención se vai efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.
 3. De que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente.
 4. De que a entidade non se encontra inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.
 5. De que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.
 6. De que a entidade lle ten comunicado ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ao ano 2023.
- O cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable substituirá á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía solicitada Entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

- Certificación bancaria **actualizada** na que figure o número de conta da entidade solicitante.
- **Calendario oficial da actividade subvencionada**
- Certificado da Federación segundo Anexo V, debidamente asinado pola mesma. De emitir a Federación o seu propio certificado, deberan constar obrigatoriamente os seguintes datos:

a) Datos do Secretario da Federación, asinante do certificado.

b) Datos da Entidade/Club Deportivo (Nome, NIF)

c) Disciplina Deportiva federada e oficial.

d) Para todas as disciplinas:

1. Número total de licencias deportivas federadas.

2. Número total de licencias deportivas femininas federadas.

3. Número total de licencias deportivas de persoas discapacitadas

Deberá constar expresamente que non se inclúen licenzas de cursos e/ou similares).

e) Para disciplinas nas que a participación sexa por equipos (FÚTBOL, FÚLBOL-SALA, FÚTBOL-8, BALONMÁN, BALONCESTO, BÉISBOL, SÓFBOL, RUGBY, VOLEIBOL, WATERPOLO, HOCHKEY, NATACIÓN SINCRONIZADA, RELEVOS ATLETISMO, PIRAGÜISMO K2 e similares):

1. Disciplina e especialidade

2. Número de equipos participantes en Ligas (competicións por equipos ou similares) Nacionais.

3. Número de equipos participantes en Ligas (competicións por equipos ou similares) Autonómicos.

4. Número de equipos participantes en Ligas (competicións por equipos ou similares) Provinciais.

ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refº: ispac3339360657698873062.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-8-2023

f) Para disciplinas nas que a participación sexa individual ATLETISMO, KÁRATE, XADREZ, BILLAR, PIRAGÜISMO K1, TENIS, TENIS DE MESA, ORIENTACIÓN, CICLISMO, TAEKWONDO, NATACIÓN, GOLF, XIMNASIA, JUDO, KUNG-FU, LOITA, PATINAXE, ESGRIMA, MONTAÑISMO, TRIATLON, PENTATLON, TIRO e similares*:

1. Disciplina e especialidade**.

2. **NÚMERO DE PARTICIPACIÓNS DO CLUB OU ENTIDADE DEPORTIVA EN CAMPIONATOS DE ESPAÑA A NIVEL INDIVIDUAL (CON INDEPENDENCIA DO NÚMERO DE DEPORTISTAS PARTICIPANTES)**

3. **NÚMERO DE PARTICIPACIÓNS DO CLUB OU ENTIDADE DEPORTIVA EN CAMPIONATOS GALLEGOS A NIVEL INDIVIDUAL (CON INDEPENDENCIA DO NÚMERO DE DEPORTISTAS PARTICIPANTES)**

4. **NÚMERO DE PARTICIPACIÓNS DO CLUB OU ENTIDADE DEPORTIVA EN CAMPIONATOS PROVINCIAIS A NIVEL INDIVIDUAL (CON INDEPENDENCIA DO NÚMERO DE DEPORTISTAS PARTICIPANTES)**

* Neste apartado cada participación do CLUB OU ENTIDADE DEPORTIVA nun campionato contarase como unha única participación, con independencia do número de deportistas que participen en dito Campionato.

** Únicamente probas oficiais e federadas e que non se teñan en conta no apartado anterior nos que a participación sexa por equipos; non se terán en conta fases, resultados parciais, resultados de probas clasificatorias, copas, ligas ou calquera outro que non sexa considerado e denominado "Campionato de España, Galego ou Provincial", e sempre que non exista campionato superior nesa categoría.

Aos efectos de expedición do certificado, todos os datos deportivos aportados pola Federación serán referidos á tempada 2023, ou de ser o caso 2022/2023, segundo corresponda. A tempada unicamente se terá en conta para a valoración dos criterios e a obtención da puntuación correspondente, sendo o período subvencionado a anualidade 2023 (do 01 de xaneiro de 2023 ao 31 de decembro de 2023).

- Calquera outro documento que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitude.

A documentación presentada por rexistro levará como nome de arquivo o nome que figura a continuación, a efectos de facilitar a comprobación da documentación e axilizar a tramitación e cobro da subvención:

- “Solicitude” ou “Anexo I” (engadirase o nome da Entidade que solicita a subvención”)
- Demais Anexos: Anexo II, Anexo II, etc, segundo corresponda.
- “CIF Entidade”
- “NIF representante”
- “Xunta Directiva”
- “Certificado bancario”
- “Calendario”
- “Certificado federación”
- “Documentación complementaria” (con este nome xuntarase outra documentación esixida nas bases ou aquela que se estime convinte para acadar unha mellor avaliación da solicitude”.

TODA A DOCUMENTACIÓN DEBERÁ PRESENTARSE EN FORMATO PDF. NON se admitirán documentos en arquivo de imaxe (jpg ou similar). Unicamente se admitirán en dito formato carteis ou aqueles documentos **ADICIONAIS** á documentación esixida que a Entidade considere convinte para completar a documentación. Facilitaranse os Anexos en formato editable para que poidan ser cumprimentados polos interesados, os cales unha vez cubertos poderán pasarse a PDF mediante: Arquivo → imprimir (escollendo a opción na impresora: imprimir en pdf). Cada Anexo deberá presentarse nun único documento.

Os **Anexos normalizados** que deben presentar as Entidades non serán obxecto de modificación e deberán cubrirse en todos os seus apartados agás aqueles que non proceda cubrir por non ter relación coa actividade subvencionada. No caso de que polo seu contido non existise espazo suficiente, figurará “ver anexo” e presentarse en documento adxunto.

No caso de que a documentación presentada teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a entidade beneficiaria, no prazo **IMPRORROGABLE** de 10 días, enmende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, e de non cumprir dito requirimento, terase por desistido da súa solicitude, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. **Dado o carácter competitivo do procedemento, ADVIRTESE EXPRESAMENTE** que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable e puntuable; a non acreditación dos criterios para outorgar os puntos establecidos no artigo 8 “criterios de valoración e contía da subvención” ou a omisión dalgún dos datos esixidos para o outorgamento da puntuación implicará a asignación de 0 puntos no respectivo criterio puntuable.

Cando se trate de subsanar documentación xa presentada como os Anexos, a subsanación farase mediante escrito ou declaración da Entidade, a efectos de non duplicar a documentación inicialmente presentada.

Artigo 6. Procedemento de tramitación e resolución das subvencións

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións; nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23,24,25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións coas seguintes precisións:

As solicitudes de subvencións que se formulen de acordo con estas bases, unha vez anotadas no Rexistro xeral de entrada, seranlles remitidas ao Departamento de Deportes.

O procedemento instruírase no Servizo de Deportes, polo técnico ou técnica competente de dito servizo, que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da ordenanza.

O órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local do Concello, segundo artigo 127 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e demais lexislación vixente.

Comisión avaliadora:

- Composición:

- Presidente: un/unha funcionario/a ou persoal laboral del Excmo. Concello de Lugo que se designe para estes efectos.
- Vogais: un/unha funcionario/a ou persoal laboral del Excmo. Concello de Lugo que se designe para estes efectos.
- Secretario/a: un/unha funcionario/a ou persoal laboral del Excmo. Concello de Lugo que se designe para estes efectos.

Excepcionalmente, o posto de secretaria/o e vogal poderán ser acumulados na mesma persoa.

- Funcións: Emitir o ditame no que concrete o resultado da avaliación efectuada; á vista dos expedientes e informes remitidos polo órgano instrutor do procedemento.

Órgano instrutor: funcións:

- Requirirle á entidade solicitante naqueles supostos nos que a documentación presentada resulte incompleta e/ou defectuosa para que no prazo de dez días hábiles emende as deficiencias observadas, de conformidade e cos efectos previstos no artigo 68 da lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas considerándose desistida do seu dereito se transcorrido o prazo non atende ao requirido.
- Requirir os informes precisos e efectuar as comprobacións que estime oportunas a fin de verificar os datos achegados para unha mellor valoración das solicitudes.
- Realizar a preavaliación das solicitudes verificando o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiaria/o e efectuar a avaliación conforme aos criterios, formas e prioridades dispostos na convocatoria, elevando o correspondente informe á comisión de valoración de cada un dos expedientes.

O órgano instrutor, en función da puntuación obtida por cada expediente, formulará a proposta de resolución que será aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento. Este será de SEIS MESES, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada.

A resolución poñerá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben,

alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

Non se admite a reformulación das solicitudes para os supostos nos que a subvención concedida sexa inferior á que figura na solicitude.

A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte hábil ao da notificación, non renunciase a ela expresamente mediante escrito dirixido ao órgano concedente.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

As subvencións que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para o mesmo fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o 90% do custo total da actividade. O 10 % do gasto proposto e orzamentado no proxecto presentado deberá ser financiado exclusivamente pola asociación ou entidade. No caso de que exista sobrefinanciamento, a/o beneficiaria/o deberá proceder ao reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

Artigo 7. Publicidade das subvencións concedidas

Procederase á publicación da concesión das subvencións outorgadas de conformidade co establecido no artigo 8 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións e o contemplado no Título II da lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Ademais o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), conforme ao disposto no artigo 18.2 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 8. Criterios de valoración e contía da subvención

A concesión ou denegación das subvencións, así como a súa cuantificación económica, efectuarase tendo en conta os seguintes criterios:

CRITERIOS DE VALORACIÓN XERAIS PARA AS ENTIDADES CON DEPORTISTAS FEDERADOS		
CONCEPTO	DESCRIPCIÓN CONCEPTO	PUNTUACIÓN

Número de licenzas federativas (mínimo 10 e máximo 300)	Licenzas federativas tramitadas pola entidade na tempada 2023, ou de ser o caso 2022/2023, segundo corresponda. O club que dispoña do máximo nº de licenzas obterá a máxima puntuación, e o resto de xeito directamente proporcional	30 puntos
Número de licenzas federativas femininas	Licenzas femininas federativas tramitadas pola entidade na tempada 2023, ou de ser o caso 2022/2023, segundo corresponda. O club que dispoña do máximo nº de licenzas femininas obterá a máxima puntuación, e o resto de xeito directamente proporcional	5 puntos
Número de licenzas federativas deportistas con discapacidade	Licenzas federativas de deportistas con discapacidade tramitadas pola entidade na tempada 2023, ou de ser o caso 2022/2023, segundo corresponda. O club que dispoña do máximo nº de licenzas con persoas con diversidade funcional obterá a máxima puntuación, e o resto de xeito directamente proporcional.	5 puntos

➤ **PARA DISCIPLINAS NAS QUE A PARTICIPACIÓN SEXA POR EQUIPOS (FÚTBOL, FÚTBOL-SALA, FÚTBOL-8, BALONMÁN, BALONCESTO, BÉISBOL, SÓFBOL, RUGBY, VOLEIBOL, WATERPOLO, HOCKEY, NATACIÓN SINCRONIZADA, RELEVOS ATLETISMO, PIRAGÜISMO K2, BAILE DEPORTIVO E SIMILARES).**

Por número de equipos participantes en Ligas ou competicións por equipos Nacionais	En Ligas ou competicións por equipos Nacionais o club que dispoña do máximo nº de equipos en Ligas Nacionais obterá a máxima puntuación, e o resto de xeito directamente proporcional.	12 puntos
Por número de equipos	En Ligas Galegas o club que dispoña do máximo nº de equipos en Ligas ou	8 puntos

ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refº: ispac3339360657698873062.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-8-2023

participantes en Ligas ou competicións por equipos Galegas	competicións por equipos Galegas obterá a máxima puntuación, e o resto de xeito directamente proporcional.	
Por número de equipos participantes en Ligas ou competicións por equipos Provinciais	En Ligas ou competicións por equipos Provinciais o club que dispoña do máximo nº de equipos en Ligas Provinciais obterá a máxima puntuación, e o resto de xeito directamente proporcional.	4 puntos

- **PARA AS DISCIPLINAS NAS QUE A PARTICIPACIÓN SEXA INDIVIDUAL (ATLETISMO, KÁRATE, XADREZ, BILLAR, PIRAGÜISMO K1, TENIS, TENIS DE MESA, ORIENTACIÓN, CICLISMO, TAEKWONDO, NATACIÓN, GOLF, XIMNASIA, JUDO, KUNG-FU, LOITA, PATINAXE, ESGRIMA, MONTAÑISMO, TRIATLON, PENTATLON, TIRO:**

NÚMERO DE PARTICIPACIÓNS DO CLUB OU ENTIDADE DEPORTIVA EN CAMPIONATOS DE ESPAÑA A NIVEL INDIVIDUAL (CON INDEPENDENCIA DO NÚMERO DE DEPORTISTAS PARTICIPANTES)	O club co máximo nº de participacións en campionatos de España obterá a máxima puntuación, e o resto de xeito directamente proporcional.	12 puntos
NÚMERO DE PARTICIPACIÓNS DO CLUB OU ENTIDADE DEPORTIVA EN CAMPIONATOS GALEGOS A NIVEL INDIVIDUAL (CON INDEPENDENCIA DO NÚMERO DE DEPORTISTAS PARTICIPANTES)	O club co máximo nº de participacións en campionatos galegos obterá a máxima puntuación, e o resto de xeito directamente proporcional.	8 puntos
NÚMERO DE PARTICIPACIÓNS DO CLUB OU ENTIDADE DEPORTIVA EN CAMPIONATOS PROVINCIAIS A NIVEL INDIVIDUAL (CON INDEPENDENCIA DO NÚMERO DE DEPORTISTAS PARTICIPANTES)	O club co máximo nº de participacións en campionatos provinciais obterá a máxima puntuación, e o resto de xeito directamente proporcional.	4 puntos

Neste apartado cada participación do CLUB OU ENTIDADE DEPORTIVA nun campionato contarase como unha única participación, con independencia do número de deportistas que participen en dito Campionato.

Non se terán en conta os datos dos certificados que non figuren expresamente segundo o esixido no artigo 5 destas bases.

**CRITERIOS DE VALORACIÓN POR ORGANIZACIÓN DE EVENTO
(FEDERADO OU COA TOTALIDADE DE PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS FEDERADOS)**

CRITERIO I * "Participación territorial dos participantes"	Por organización dun evento federado con participación nacional	Evento nacional cunha participación mínima de deportistas con licenza federativa de entidades de fora de Galicia do 50%.	5 puntos
	Por organización dun evento federado con participación autonómica	Evento autonómico cunha participación mínima de deportistas con licenza federativa de entidades de fora da provincia de Lugo do 50%.	3 puntos
	Por organización dun evento federado con participación Provincial	Evento provincial cunha participación mínima de deportistas con licenza federativa de entidades de fóra do municipio de Lugo do 50%.	1 punto

* Ámbito territorial dos participantes, non ao nivel territorial do evento.

CRITERIO II "Consolidación evento" **	Por consolidación dun evento federado (número de edicións organizadas pola Entidade)	Ata 5 anos	1 punto
		De 6 a 10 anos	3 puntos
		11 anos en diante	5 puntos

** Anos que leva organizando o evento a Entidade que solicita a Subvención.

ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refº: ispac3339360657698873062.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-8-2023

CRITERIO III “Número participantes”	Por número de participantes na organización dun Evento federado	Ata 100 participantes	1 punto
		De 101 a 200 participantes	3 puntos
	organizado (mínimo 25 participantes)	201 participantes en diante	5 puntos

En relación aos eventos establécense un **MÁXIMO DE 1 EVENTO POR ENTIDADE**, e un importe mínimo de 300 € e un máximo de 2.000 €. Non percibirán subvención aqueles eventos que non acaden a puntuación necesaria para obter un mínimo de 300 € nin percibirán en ningún caso un importe superior a 2.000 €.

Así mesmo, en relación ao evento, deberase xustificar fehacientemente o cumprimento dos criterios utilizados para a valoración e concesión do mesmo (a federación do evento, nivel de participación territorial dos participantes, consolidación temporal e número de participantes) preferentemente mediante certificación da respectiva Federación. Así mesmo, deberá terse en conta que será obrigatorio difundir o evento mediante cartelería, redes sociais, etc, o que tamén deberá ser xustificado.

Non terán a consideración de evento a organización de ligas regurales, controis deportivos, toma de tempos, fases de competición deportivas, xornadas de portas abertas, cursos deportivos formativos, clínic ou similares.

Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os expedientes, é necesario achar o valor punto. Para elo, de acordo co artigo 22.1 da LXS prorratearase o importe total a repartir entre o número total de puntos obtidos por todas as accións subvencionadas. O valor económico do punto será o resultante de dividir o total do crédito orzamentario asignado, conforme á consignación establecida no artigo 3, entre a cifra resultante da suma total dos puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas e completas, respectando, en todo caso, os máximos e os mínimos establecidos nesta convocatoria.

Se a cantidade resultante desta operación fose superior á subvención solicitada e subvencionable, concederáselle esta última. O importe sobrante, de ser o caso, distribuírase con idéntico criterio, sendo admisible excepcionalmente un único prorrateo.

Non se poderá solicitar subvención por un importe superior ao 90% do custo total da acción para a que se solicita subvención, segundo o orzamento presentado, xa

que o 10% restante é de obrigada asunción pola entidade e non pode ser subvencionado por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

A non acreditación na xustificación da federación do evento ou con participación total de deportistas federados suporá a minoración total do importe de subvención do evento. A non acreditación dos criterios utilizados para a baremación do evento suporá a minoración dos puntos outorgados e non xustificados, e a correspondente minoración do importe do evento, utilizando o valor do punto achado na valoración inicial. A minoración económica de este apartado realizarase sobre o importe de subvención concedido.

Artigo 9. Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro da anualidade subvencionada (**anualidade 2023, é dicir, entre o 01 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023**). En relación ao evento, será requisito indispensable que se desenvolva **presencialmente dentro do término municipal** (non se admiten eventos realizados mediante plataforma dixital ou similar).

Serán subvencionables os gastos correntes necesarios para o desenvolvemento da actividade, tales como: alugamentos, gastos de transporte, gastos de pequena reparación, mantemento e/ou conservación de bens propios ou alugados, adquisición de material non inventariable, subministracións (gas, electricidade, teléfono, combustible...) vestiario, prestación de servizos deportivos e outros gastos diversos como publicidade, imprenta, gastos de tramitación administrativa a través de servizos profesionais, etc, coas seguintes particularidades:

a. No caso de gastos relativos a desprazamentos:

- i. No caso de gastos de **combustible, deberá presentarse factura e figurar a nome da Entidade subvencionada. Así mesmo deberá acreditarse a titularidade do vehículo a nome da Entidade beneficiaria.**
- ii. **No caso de aluguer de transporte, gastos de hospedaxe ou similares, será imprescindible xustificar a relación do gasto coa actividade subvencionada, , así como xustificar que os terceiros teñen relación coa actividade subvencionada.**

Os gastos anteriores serán válidos sempre que se xustifique a relación do gasto coa actividade suvencionada, mediante o

correspondente calendario oficial, ou estar relacionados co evento no seu caso. Así mesmo, deberá acreditarse usuarios, motivo e lugar do desprazamento. No caso dos usuarios, acreditarase mediante certificado expedido polo secretario da Entidade facendo constar nome e apelidos, e relación coa Entidade (deportista, persoal técnico, etc).

b. No caso de gastos relativos ou **teléfono**:

- i. **As facturas** deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención.
- ii. Unicamente se subvencionará un máximo de **dúas líneas** por Asociación ou entidade beneficiaria.

c. No caso de gastos de persoas individuais, como poden ser gastos de fisioterapia, deberase especificar que o terceiro ten relación coa actividade subvencionada, mediante **certificado expedido polo secretario da Entidade facendo constar nome e apelidos, e relación coa Entidade (deportista, persoal técnico, etc).**

Todos os gastos deberán acreditarse mediante factura ou demais documentos de valor probatorio segundo normativa vixente. En todo caso deberán estar identificados a nome da entidade beneficiaria da subvención.

2. Tamén serán subvencionables os gastos de persoal necesario para o desenvolvemento dos programas e actividades subvencionadas, ata un **máximo do 40%** do importe da subvención concedida.
3. No caso de subvencións para financiar a actividade xeral da Entidade, só se tendrán en conta gastos de competicións que veñan incluídas nos calendarios oficiais das respectivas competicións, e no caso de eventos só se tendrán en conta aqueles que sexan federados ou coa totalidade de participación de deportistas federados.
4. Non serán subvencionables:
 - Os gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde.
 - Os gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables. Poderáanse ter en conta gastos de material inventariable para xustificar o 10% do orzamento presentado inicialmente que ten que aportar a Entidade en concepto de recursos propios, sempre que se trate de material estritamente relacionado co deporte, como poden ser porterías,

canastas, piraguas. En ningún caso se incluírán inversións relacionadas coa adquisición, construción e reforma de infraestruturas

- Os xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.
- Os gastos de degustación gastronómica de calquera tipo. En todo caso terá esta consideración a organización de comidas, *catering* ou ceas.
- Os impostos e taxas municipais.
- Eventos realizados mediante plataforma dixital ou similar.
- Eventos que reciban calquera outro tipo de axuda económica por parte do Concello de Lugo, mediante convenio de colaboración ou calquera outro tipo de axuda económica.
- Os gastos cuxo acreedor esté vinculado á Entidade beneficiaria, en concreto cos membros da Xunta Directiva da Entidade, e demais supostos previstos na lexislación vixente.

Non terán a consideración de evento a organización de ligas regurales, controis deportivos, toma de tempos, fases de competición deportivas, xornadas de portas abertas, cursos deportivos formativos, clínic ou similares.

Artigo 10. Xustificación do gasto e pagamento da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, as entidades beneficiarias deberán presentar a través dos medios electrónicos e nos termos dispostos no artigo 4 (forma de presentación de solicitudes), dirixido ao Departamento/Servizo de Deportes, a seguinte documentación acreditativa da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento:

- a) Anexo VI, que conterá unha memoria explicativa o máis detallada posible da realización da totalidade da acción subvencionada. Dito Anexo consta de dous apartados:
 - a. Apartado 1: Memoria actividade competitiva
 - b. Apartado 2: Memoria evento.

Deberanse cumprimentar todos os apartados de dito Anexo. No caso de que polo seu contido non exista espazo suficiente, figurará “ver anexo” e presentarse en documento adxunto.

En relación ao evento, deberase xustificar fehacientemente o cumprimento dos criterios utilizados para a valoración e concesión do mesmo (a federación do evento, nivel de participación territorial dos participantes, consolidación temporal e número de participantes) preferentemente mediante certificación da respectiva Federación. Unicamente no caso de que a Federación non expida a correspondente certificación, xustificarse mediante Certificación do Secretario da Entidade.

A non acreditación da federación do evento ou con participación total de deportistas federados suporá a minoración total do importe de subvención do evento. A non acreditación dos criterios utilizados para a baremación do evento suporá a minoración dos puntos outorgados e non xustificadas, e a correspondente minoración do importe do evento, utilizando o valor do punto achado na valoración inicial. A minoración económica de este apartado realizarase sobre o importe de subvención concedido.

Deberase presentar, para complementar a documentación anterior, e especialmente para a xustificación do evento fotos, notas de prensa, cartelería, publicación en redes sociais, etc., que se editasen ou publicasen en relación coa dita actividade e evento no seu caso.

b) Conta xustificativa (Anexo VII). En todo caso, estarase á natureza das Entidades sen ánimo de lucro presentando un orzamento equilibrado e na partida de ingresos deberá figurar de xeito expreso o importe asumido con fondos propios (mínimo o 10%). No caso de que entre o orzamento presentado no seu día e que foi obxecto de avaliación para a concesión da subvención e o realmente executado existan diferenzas, deberase motivar dita diferenza.

c) Anexo IX, cunha relación de todos os gastos relativos á TOTALIDADE DA ACCIÓN SUBVENCIONADA, A relación de gastos mencionada, ademáis de presentala debidamente asinada e no formato que corresponda, deberá adxuntarse obrigatoriamente en formato editable (word, excel ou similar). O Concello de Lugo poderá requirir da/o beneficiaria/o a remisión de calquera dos xustificantes de gasto que se indiquen na dita relación.

d) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do orzamento, o Regulamento de Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.d 1619/212, do 30 de novembro do Ministerio de Economía e Facenda, **por importe da subvención concedida e o 10% do importe do orzamento presentado inicialmente na documentación da concesión.**

Terase en conta o establecido no artigo 9 “Gastos subvencionables”, e demais lexislación vixente.

